

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

A política enerxética do Goberno do Estado conformada polas sucesivas leis e decretos aprobados dende o ano 2011, mostran unha liña de ataque ás renovables e de defensa das empresas que forman o oligopolio enerxético.

Tanto o Real Decreto-lei 1/2012, do 27 de xaneiro, o RD-L 9/2013, a nova lei do sector eléctrico, a Orde IET/1045/2014, mostran unha dirección de oposición ao desenvolvemento das enerxías renovables.

Nese mesmo sentido redactouse o borrador de *“Real Decreto polo que se establece a regulación das condicións administrativas, técnicas e económicas das modalidades de suministro de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción con autoconsumo”* que xerou unha gran alarma na cidadanía ante o contido do mesmo, xa que en caso de aprobación poría en perigo o desenvolvemento de instalacións deste tipo debido á falta de viabilidade económica provocada polas condicións en que se pretendían establecer as peaxes.

Dende xullo de 2013 en que se publicou o borrador, do que a CNE fixo un informe en setembro de 2013, o Goberno español non voltou a dar pasos para a aprobación dun Decreto que regulase o autoconsumo.

Para Galiza, o desenvolvemento de instalacións eólicas ou fotovoltaicas destinadas ao autoconsumo en calquera das súas modalidades é prioritario, xa que suporía unha mellora para moitas persoas nas súas vivendas e negocios, e polo seu potencial para a creación de emprego e riqueza local.

Por todo isto o Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

- 1) Ten instado a Xunta de Galicia ao Goberno español a axilizar a aprobación dun Decreto para o autoconsumo que posibilite o seu desenvolvemento en Galiza?
- 2) Cáles son as condicións normativas que o Goberno galego cree necesarias para o desenvolvemento deste sector en Galiza?
- 3) Trasladou ditas condicións necesarias ao goberno do Estado?
- 4) Qué pasos está a dar, ou pensa dar a Xunta de Galicia para crear as condicións necesarias para o fomento da actividade do autoconsumo enerxético?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García,
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 19/01/2015 09:23:47